



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Inglesa e os seus Usos 2	Código	613G03037	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	elizabeth.woodward@udc.es	
Profesorado	Jarazo Alvarez, Ruben Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	ruben.jarazo@udc.es elizabeth.woodward@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ampliación do estudo normativo da lingua inglesa. Elaboración e análise de textos oral e escrito de diferentes ámbitos			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
O alumno terá desenvolvido unhas estratexias para a consolidación dos coñecementos adquiridos en ambas as dúas partes de Lingua Inglesa e os seus Usos (1/2).	A6	B3	C2
O alumno saberá manexar os significados metafóricos axeitadamente, tanto a nivel comprensivo coma na expresión.	A10	B4	
O seu dominio dun vocabulario xeral terase enriquecido coa adquisición de vocabulario máis especializado.	A11	B5	
O estudo individual autónomo e a autocrítica son esenciais neste nivel, e o alumno debe recordar o seu papel e responsabilidade no proceso de aprendizaxe/ensino do cal forma parte.	A15	B6	
Ao finalizar esta materia, o alumno debe ser competente nas catro destrezas lingüísticas, ademais de posuír os coñecementos teóricos necesarios para saber	A19	B7	
		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Metáforas relacionadas coas prantas e árbores; o medio ambiente. Os servizos/atención ao cliente. (ver libro de texto indicado na Sección 8 "Fontes de Información").	As partes das prantas en usos metafóricos; verbos relacionados co crecemento. Colocacións. O vocabulario dos servizos en Internet.



2. As autoridades--a aduana e a policía. A historia. A pobreza.	Vocabulario relacionado coas aduanas, a inmigración, a policía de tráfico, etc. Vocabulario relevante para o estudo da historia. Colocacións relevantes para falar da pobreza e falta de medios.
3. A política británica. A linguaxe do dereito. A guerra e a paz.	Vocabulario relacionado co funcionamento dun estado. Verbos, crimes, adxectivos con significados específicos no ámbito do dereito, de uso cotidiano. As actitudes cara a guerra; metáforas dos enfrontamentos.
4. A economía e as finanzas. As finanzas persoais. Os medios: a palabra impresa.	Vocabulario para falar da axuda internacional, o comercio, as dificultades económicas. Como expresar as necesidades económicas individuais. Seccións nos xornais; tipos de materiais escritos.
5. Os medios: Internet e o correo electrónico. Os anuncios. O telexornal.	Vocabulario específico para Internet. A linguaxe da publicidade. A recollida e diseminación das noticias; xornalísticas, tipos de publicacións.
6. Os titulares de prensa. Metáforas do deporte. O espazo: nocións de amplitude	Características dos titulares; vocabulario impactante; xogos de palabras. Vocabulario e metáforas relacionados coa dieta, o deporte, a saúde. Como expresar conceptos relacionados co espazo escaso/amplio; metáforas axeitadas.
7. O tempo. O movemento. O comportamento.	Secuencia e duración; expresións coloquiais; refráns relacionados co paso do tempo. Matices da velocidade e o movemento; verbos/adxectivos; usos no literais.
8. O son. O peso e a densidade. As cores: escala e intensidade.	Desde o silencio ao ruído; verbos específicos para certos ruidos; frases feitas. Sinónimos de --pesado--; usos literaris da idea de pesar; verbos e adxectivos para expresar a densidade. Cores específicas; metáforas relacionadas; vocabulario chamativo.
9. A velocidade. Causa e efecto. Comparar e contrastar.	Expresións para distintas formas de desprazarse rápidamente/lentamente; metáforas da velocidade. Verbos que expresan unha causa e as súas colocacións. Como expresar a similitude e a diferenza.
10. A dificultade. Modalidade. As queixas e as protestas.	Sustantivos e adxectivos relacionados coas dificultades e os dilemas. Expresións de feitos, opinións, desexos a través de verbos modais; probabilidade; consellos; obrigas. Queixa formal e informal.
11. Desculpas, o perdón, a reconciliación. As promesas; As apostas. A articulación da fala.	Colocacións comúns; desculpas en contextos legais; acordos de paz. Promesas formais/informais; vocabulario relacionado coas apostas. Volume: silencioso/ruído; formas da fala; problemas de articulación
12. Expresións pouco precisas. Tipos de frases idiomáticas. Verbos frasais (I)	Expresións numéricas aproximadas; usos coloquiais para restar importancia. Verbo e obxecto, frase preposicional, compostos, outros tipos. Comprensión e aprendizaxe de verbos frasais; diagramas de representación.
13. Verbos frasais (II) Verbos frasais (III) O inglés británico/de EE.UU	Verbos frasais pouco comúns; combinacións novas. Verbos frasais con dúas partículas/preposicións. Contrastes entre usos británicos e americanos.
14. A linguaxe e o xénero. A linguaxe que denota clase social, procedencia, idade.	O marcado ou neutro no que respecta ao xénero. Referencias implícitas que denotan clase social, etc.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	26.25	47.25



Traballos tutelados	14	17.5	31.5
Proba oral	2	16	18
Discusión dirixida	7	5.25	12.25
Proba mixta	2	36	38
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras, explicacións, exemplos e orientacións para o mellor aproveitamento do material; uso do libro básico de texto, ademais de textos escritos e audiovisuais adicionais.
Traballos tutelados	Tareas escritas sobre diversos temas relacionados co que se traballa na aula. Resumos e presentacións.
Proba oral	Entrevista individual ou por parellas; preguntas de comprensión; destrezas comunicativas.
Discusión dirixida	Destrezas de argumentación oral; role-play; fluidez, traballo colaborativo.
Proba mixta	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferencias de uso; transformar oracións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Preparación e comentario dos traballos a presentar.
Traballos tutelados	Interacción grupal e individual para mellorar o rendemento.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba oral	Entrevista individual ou por parellas; preguntas de comprensión; destrezas comunicativas.	25
Proba mixta	Completar distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferencias de uso; transformar oracións.	50
Traballos tutelados	Tareas escritas sobre temas diversos relacionados co que se traballa na aula. Resumos e presentacións.	25

Observacións avaliación



Entrega de traballos tutelados (tarefas escritas) e na cuarta semana do primeiro cuatrimestre (do 1 ao 5 de outubro 2012) e na última semana (do 17 ao 21 de decembro). É necesario entregar tódolos traballos especificados polo profesor para poder optar a que se sumen ao resto das notas na primeira oportunidade de avaliación. Non serán recollidos para a súa avaliación aqueles traballos dos alumnos que non asistan ás clases interactivas (reading/writing skills). Recordamos da obrigatorio de asistir polo menos ao 80% destas clases; polo tanto, se controlará a asistencia coa sinatura.

Proba mixta: data aprobada pola Xunta de Facultade para o curso 2012-13 (primeira oportunidade ao finalizar o cuatrimestre). Esta data non é negociable.

A segunda oportunidade, en xullo, según o calendario aprobado pola Xunta de Facultade, consistirá en repetir a(s) parte(s) da avaliación non aprobada(s).

A oportunidade de xullo non é para millorar a nota nas partes da avaliación xa aprobadas; soamente é para recuperar a(s) parte(s) non aprobada(s).

No se pode superar a materia sen aprobar cada unha das partes descritas da avaliación cunha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10.

As datas para a entrega de tarefas e para a realización do examen oral deben respetarse; calquer incidencia que impida cumprir cos requisitos debe xustificarse documentalmente.

Obterán unha cualificación de "Non Presentado" aquel estudante que non se presente a ningunha das dúas probas (a proba mixta e a proba oral) e que tampouco realizara os traballos tutelados.

Aqueles alumnos que oficialmente teñan sido matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Para mais detalles, véxanse --Recomendacións--.

Fontes de información

Bibliografía básica	- McCarthy, M. and F. O'Dell. (2002). English Vocabulary in Use. Advanced. ISBN. 978-0-521-67746-2. Cambridge: CUP
Bibliografía complementaria	- Cory, H. (1999). Advanced Writing with English in Use.. Oxford: OUP - Mansfield, F. & C. Nuttall (2007). Proficiency Practice Tests. With Key. London: Thomson ELT

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Observacións

Recoméndase a asistencia e participación na aula, para estar ao día no estudo, e a realización de tódalas tarefas asignadas dentro dos prazos indicados. A asistencia á clase facilita unha mellor comprensión da materia, adquisición das competencias grupais e individuais, aprendizaxe continuo, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente mais participativa. Cabe recordar que a UDC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións das clases é obrigatoria. Nos casos considerados na normativa da universidade, os alumnos poderán solicitar exención oficial da docencia. As datas para a realización das probas orais anunciaranse coa antelación suficiente, e serán expostas en Moodle. Recoméndase consultar os avisos nesta plataforma virtual con asiduidade. Non asistir á proba oral na data anunciada e supón perder a primeira oportunidade para esta parte da avaliación. Polo tanto, o alumno só lle quedará a oportunidade de xullo para realizala.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

